

MEDIDAS DE PREVENCIÓN FRENTE Á COVID-19 NO CRD DE OURENSE PARA O CURSO 22-23

En primeiro lugar, en base ás *Instrucións conxuntas do 5 de setembro de 2022* das Consellerías de Educación e Sanidade coas “recomendacións xerais para a xestión da Covid-19 no ámbito educativo no curso 2022-2023”, **no presente curso os centros non contarán cun protocolo específico** para a Covid-19 mais **si se manterá o Equipo Covid** como grupo de coordinación e toma de decisións ao respecto das medidas que poida ser necesario establecer segundo a evolución da situación epidemiolóxica.

En segundo lugar, en base á *Nota de actualización del documento de medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a covid-19 para centros educativos do 5 de setembro de 2022*, acordada polo Consejo Interterritorial do SNS e publicada polo Ministerio de Sanidad, **manterase a distribución por grupos de convivencia estable (GCE)** mais permitindo a **libre interacción** entre eles e **sen necesidade de manter distancia interpersonal no comedor**.

En terceiro lugar, en ambos documentos recóllese a **recomendación de manter unha axeitada ventilación**, preferentemente natural e cruzada, sempre que as condicións climatolóxicas o permitan, debendo ademáis prestar atención ao mantemento de medidas de gasto eficiente de enerxía.

Por último, mantéñense unha serie de **recomendacións de medidas de prevención** que deben ser aplicadas:

- **Lavado de mans regular.**
- **Uso de máscara ante a presenza de síntomas respiratorios** (tos, dor de gorxa, mucosidade...) **ou xerais** (dor de cabeza, dores musculares, cansancio atípico...) e reducir o contacto con persoas vulnerables.
- **En caso de resultar positivo para Covid-19**, comunicar a situación ao Servizo médico e acudir ou manter a estancia no centro residencial só se os síntomas permiten realizar vida normal mais extremando as medidas anteriores de prevención de contaxios.

Este documento poderá ser actualizado segundo a lexislación vixente en cada momento e segundo aconselle a evolución da situación epidemiolóxica.

Ourense, 12 de setembro de 2022

O Equipo Covid do CRD de Ourense

